

20 Abril de 2015 - Revista 1017

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 13

BOLSAS E AXUDAS / 13

PREMIOS E CONCURSOS / 15

NOVAS DE EMPREGO / 17

EN PORTADA

Benestar expón en Santiago os 21 proxectos que compiten polo cartel de Xuventude Crea 2015

Martes, 14 Abril 2015 08:18



Santiago acolle desde hoxe unha exposición dos **21 proxectos** que compiten por ser a imaxe do **certame Xuventude Crea 2015**, que organiza anualmente a *Consellería de Traballo e Benestar*.

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro*, visitou hoxe a mostra que estará aberta ao público ata finais deste mes no *IES Rosalía de Castro*, onde, ademais, deu a coñecer o nome do gañador do concurso de deseño do cartel do concurso. O seleccionado é *Ángel Alberto Otero Frías*, de Vigo, quen recibirá un premio de 500 euros.

O certame de creadores novos **Xuventude Crea** inclúe **11 especialidades**: artes plásticas (pintura e escultura), banda deseñada, moda, fotografía, deseño de xoias, graffiti, música, poesía, relato breve, teatro e videocreación.

O responsable da área autonómica destacou que *“os obxectivos desta iniciativa son establecer ferramentas e ofrecer o apoio necesario para que os mozos e mozas sexan capaces de desenvolver os seus valores e habilidades, ao tempo que poidan manifestar a súa inque-danza artística e cultural e se fomenta a creatividade xuvenil e se mostra o talento da mocidade galega”*.

Concurso audiovisual

No eido da creatividade, *Rodeiro* recordou que a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* ten aberta a convocatoria para o concurso de creación audiovisual sobre a **Revista semanal da Rede galega de Información Xuvenil**.

Nesta iniciativa poden participar os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, residentes en Galicia e sen vinculación profesional a empresas periodísticas ou á actividade profesional das industrias culturais. O **prazo** para a presentación de proxectos está aberto ata o **30 de xuño**. Toda a información sobre este concurso está dispoñible no portal <http://xuventude.xunta.es>. *Rodeiro* manifestou que *“o Plan Estratégico de Xuventude de Galicia 2014-2016 ten como un dos seus eixos principais o fomento da creatividade e o espírito empresarial, incluíndo 22 medidas concretas para seguir avanzando neste ámbito”*.

Correspondentes xuvenís 3.0

Por outra banda, coincidindo coa súa visita ao *IES Rosalía de Castro*, *Ovidio Rodeiro* coñeceu in situ a experiencia das tres alumnas deste centro educativo que están a participar no **programa Correspondentes xuvenís 3.0** promovido pola *Dirección Xeral de Xuven-*

tude e Voluntariado. Trátase dunha iniciativa que ten por obxecto promover o voluntariado e a difusión da información xuvenil por parte dos alumnos e alumnas dos centros educativos entre os seus compañeiros. *Rodeiro* resaltou que *“deste xeito estamos ante axentes de información xuvenil entre iguais”*. No total galego, no curso 2014-2015 participan do proxecto correspondentes xuvenís un total de 59 centros educativos e 331 alumnos.

Xuventude avanza no proxecto 'Dinamizando Galicia' para o desenvolvemento de prácticas en Europa por mozos e mozas

Xoves, 16 Abril 2015 08:12



O *director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro*, participou hoxe no grupo de traballo do proxecto **'Dinamizando Galicia' (DIGAL)**, aprobado ao abeiro do programa **Erasmus +**, acción clave 1 (mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe). O seu obxectivo é a realización de prácticas laborais en Europa.

Este proxecto de mobilidade transnacional está destinado a 56 mozos e mozas con idades entre os 18 e 30 anos recién titulados en ciclos medios de formación profesional e nos cursos de formación ocupacional, accións formativas e programas de cualificación profesional inicial dos sectores agrícola forestal, hoteleiro, turístico, servizos básicos á comunidade (incluída á atención á dependencia e maiores), tecnolóxico e administrativo de base. Concretamente, ás persoas serán seleccionadas entre o alumnado dos centros que integran o consorcio xurdido deste proxecto.

Este consorcio, coordinado pola *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, está formado por entidades educativas e por departamentos do goberno autonómico: tres centros educativos - o *IES Lamas de Abade de Santiago*, o *IES A Pinguela de Monforte de Lemos* e o *IES Monte Castelo de Burela*-; o *Centro de Estudos Gastronómicos da Coruña*; os centros de formación agroforestal dependentes da *Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes* (Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo e Monforte de Lemos); e os centros de formación ocupacional e de accións formativas dependentes da *Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar*.

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* pon en marcha este proxecto co obxectivo de contribuír á mellora da empregabilidade dos mozos e mozas participantes e impulsar a súa inserción laboral, ao tempo que contribúe a dinamizar o sector produtivo da comunidade autónoma e a internacionalización das empresas galegas.

Rodeiro apuntou que *“a mobilidade constitúe un elemento positivo na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida como polo apoio na aprendizaxe dun idioma estranxeiro”*. *“Unha experiencia profesional no estranxeiro pode aportar un valor engadido á formación permanente dos mozos e mozas galegos e á súa traxectoria profesional e redunde, por tanto, nunha mellora directa da empregabilidade”*, engadiu o director xeral.

A iniciativa conta cun orzamento de 277.135 euros e inclúe 56 prazas para a realización de prácticas laborais non retribuídas durante 60 días en cinco países europeos entre o 2015 e 2016: 15 en Portugal, 15 en Italia, 10 en Irlanda, 10 en República Checa e 6 en Francia.

A bolsa cubrirá os gastos de aloxamento, curso de preparación cultural e lingüística, seguro de responsabilidade civil, unha axuda para os gastos da viaxe e para os gastos de manutención.

Erasmus+: Xuventude en Acción

Posteriormente, *Ovidio Rodeiro* trasladouse ata as actividades do proxecto '**Sharpen your skills, brighten your abilities**' aprobado ao abeiro da **Acción Clave 1** programa europeo **Erasmus+: Xuventude en Acción**, mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe.

Trátase dun proxecto organizado pola **Asociación xuvenil Muxema** que, ata o **18 de abril**, reúne en Santiago a 36 representantes de entidades públicas e organizacións culturais procedentes de 16 localidades de 13 países europeos: *Rocavaldina (Sicilia-Italia), Gavoi (Cerdeña- Italia), Tallín (Estonia), Bakú (Azerbaián), Odesa (Ucraina), Chisinau (Moldova), O Porto e Forxaes (Portugal), París (Francia), Kirsehir (Turquía), San Petesburgo, Yaroslav e Moscú (Rusia), Tbilisi (Xeorxia), Erebán (Armenia) e Negreira (España).*

Os obxectivos do proxecto están relacionados co estudo das posibilidades de empregabilidade no marco da *Unión Europea* cunha comparativa cos países veciños do Leste. Durante a semana de duración do proxecto os representantes das distintas organizacións europeas participarán en obradoiros, mesas redondas, charlas informativas e dinámicas de grupo sobre problemáticas actuais do mercado laboral; capacidades, competencias e habilidades máis valoradas polos empregadores; a capacidade de organización o poder da comunicación, a xestión dos proxectos europeos e o recoñecemento das actividades de educación non formal.

Ovidio Rodeiro destacou que *"a participación neste proxecto de educación non formal facilitará aos 36 participantes a establecer unha rede de traballo a nivel europeo que conforme un partenariado de calidade para a implementación de actividades dirixidas á xuventude, ao tempo que adquiren competencias, aptitudes e habilidades que axudarán aos seu desenvolvemento persoal e profesional"*.

Xuventude oferta 800 prazas para participar en campos de traballo de Galicia, outras comunidades autónomas e o estranxeiro

Luns, 20 Abril 2015 08:50

A *Consellería de Traballo e Benestar*, a través da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, oferta este ano preto de 800 prazas para participar en campos de traballo de Galicia, doutras comunidades autónomas e de distintos países do mundo. A convocatoria acaba de publicarse na web <http://xuventude.xunta.es> e o **prazo** de inscrición abrírase o próximo mércores **22 de abril**.

O total de prazas distribúese do seguinte xeito: *485 de acollida en instalacións desta comunidade autónoma; 115 noutras zonas de España; e 197 serán de envío a outros países.* Deste xeito, e cunha oferta un 18 por cento superior á do ano pasado, Galicia convértese na autonomía española que máis prazas convoca en campos de traballo.

Este tipo de iniciativas constitúen unha **"excelente"** ferramenta de educación non formal para a mocidade, xa que engloban actividades de participación, voluntariado ou mobilidade. Así, promoven a implicación da mocidade, afondando en materias do seu interese. Ao

mesmo tempo, a mobilidade cara outros territorios favorece o intercambio de experiencias e o desenvolvemento de valores como a convivencia, tolerancia, ou traballo en equipo. Os participantes poderán acreditar a súa experiencia a través de certificados de educación non formal.

Oferta concreta

En concreto, en **Galicia** haberá 22 campos de traballo en: *Illas Cíes (4 quendas), Cotobade, Ribadumia, Illa de Cortegada (Vilagarcía), Riós, Muíños, Celanova, Vilar de Barrio, A Peroxa, Portomarín, Xermade, Quiroga, Outes, A Laracha (2 campos), Ponteceso, Boqueixón, Rois e Padrón.*

As quendas serán de 10 ou 12 días ao longo do verán, e os voluntarios poderán participar en actividades ambientais, etnográficas, sociais, arqueolóxicas ou de fomento do emprendemento. Nos campos galegos poderán participar mozos e mozas desta comunidade autónoma, doutras zonas do territorio nacional, de países estranxeiros e pertencentes á Galicia exterior.

No resto de **España** haberá prazas en *Andalucía, Aragón, Canarias, Cantabria, Castela A Mancha, Castela e León, Cataluña, Ceuta, Estremadura, A Rioxa, Madrid, País Vasco e Comunidade Valenciana.*

No estranxeiro, a oferta chegará a **31 países de varios continentes**: *Alemaña, Armenia, Bielorrusia, Bélxica, Camboia, China, Corea do Sur, Costa Rica, Escocia, Estados Unidos, Estonia, Francia, Grecia, India, Islandia, Italia, Xapón, Lituania, México, Nepal, Países Baixos, Reino Unido, República Checa, Rusia, Serbia, Suíza, Tailandia, Taiwan, Turquía, Ucraína e Vietnam.*

Traballo e a USC elaborarán un estudo sobre os beneficios da educación non formal na mellora da empregabilidade

Luns, 20 Abril 2015 08:56



A *Consellería de Traballo e Benestar* e a *Universidade de Santiago de Compostela (USC)* colaborarán na elaboración dun estudo para avaliar os beneficios da educación non formal e os seus efectos sobre a mocidade galega, moi especialmente no que se refire á relación directa entre estas competencias e a mellora da empregabilidade.

A titular do departamento autonómico, *Beatriz Mato*, e o reitor da USC, *Juan Viaño*, asinaron hoxe un convenio neste sentido. O departamento autonómico achegará 30.000 euros para este proxecto, que será levado a cabo por un equipo da *Universidade de Santiago* -dirixido polo doutor Miguel Santos e coordinado pola doutora *Mar Lorenzo-*, en colaboración directa cos técnicos da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*. Ademais, contarán co apoio de dous asesores externos expertos na materia: *Isabel Centeno, da Oficina Europea de Sevilla; e Manuel Souto, da Universidade de Bath.*

"Este traballo vai supoñer un importante avance no coñecemento destes programas e das vantaxes reais que achegan aos seus participantes", considerou Mato, polo que suporá *"unha excelente guía para a mellora das iniciativas que a Xunta impulsa neste eido"*.

Deste xeito, o estudo avaliará as competencias e aptitudes que os participantes desenvolven neste programa, así como o valor que as empresas e empregadores outorgan a estas aptitudes.

A investigación centrase en tres programas de educación non formal impulsados pola *Consellería de Traballo e Benestar* e que se teñen convertido “nun referente en Galicia e a nivel de todo o Estado”: **Iniciativa Xove**, **Galeuropa** e o **Servizo de Voluntariado Xuvenil**. **Iniciativa Xove** leva seis anos en funcionamento, e ten como obxectivo o impulso da participación xuvenil. Son os propios mozos e mozas os que presentan as súas propostas, polo que se impulsa a súa capacidade de liderado e creatividade. En 2015 o orzamento será de 550.000 euros, un 10 por cento máis que o ano anterior, o que permitirá apoiar 150 novos proxectos duns 700 participantes.

Galeuropa, pola súa banda, é un programa de mobilidade transnacional, que permitirá que 500 mozos e mozas realicen este ano prácticas laborais no estranxeiro. A Xunta investirá neste exercicio 1 millón de euros nesta iniciativa, o que supón un incremento do 55% con respecto ao ano pasado. Galicia foi a primeira comunidade autónoma en participar neste proxecto de mobilidade, no que os participantes adquiren unha experiencia laboral, ao tempo que medran a nivel persoal.

Xa por último, o terceiro programa -o *Servizo de Voluntariado Xuvenil*- promove a incorporación de mozos de ata 30 anos en proxectos de voluntariado. As súas accións incorpóranse ao *Rexistro de acción voluntaria de Galicia* e reciben un certificado oficial desta experiencia. Este ano disporá dun orzamento de 500.000 euros, de xeito que se poderán executar máis de 100 proxectos e incorporar a preto de 850 voluntarios xuvenís.

Recoñecemento das competencias

O valor das competencias adquiridas vén de recibir un novo pulo tras a publicación no **Diario Oficial de Galicia (DOG)** da orde que regula a expedición de certificacións oficiais das experiencias, competencias e habilidades adquiridas a través da educación non formal, do mesmo xeito que se fai no eido do voluntariado. Estes certificados suporán unha “*clara mellora*” no currículo da mocidade, segundo explicou a conselleira.

Neste sentido, salientou a importancia da educación non formal “*como complemento da formación regrada*”, xa que permite desenvolver valores fundamentais como a creatividade, a iniciativa, o espírito emprendedor, o traballo en equipo, a solidariedade, a toma de decisión ou a capacidade comunicativa. Todos eles valores que as empresas “*teñen moi en conta*” á hora de ofrecer un posto de traballo.

Os alumnos do colexio La Salle e do IES de Becerreá gañan este ano a final do certame Parlamento Xove de Benestar

Luns, 20 Abril 2015 09:02

O equipo do **IES de Becerreá**, na categoría de Bacharelato, e o do **colexio La Salle**, na modalidade de ESO, resultaron hoxe gañadores de **Parlamento Xove 2015**, unha iniciativa organizada anualmente pola *Consellería de Traballo e Benestar*. O *director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro*, presidiu, no Parlamento galego, a final deste concurso no que participaron 43 equipos de 37 centros educativos de toda Galicia, cun total de 215 alumnos e alumnas. Á final chegaron 16 equipos de 14 centros.



Vilagarcía de Arousa e o IES Monte Castelo de Lugo.

Os equipos gañadores recibiron como premio unha viaxe valorada en 5.000 euros, na categoría de Bacharelato, e 3.000 euros no caso da categoría de ESO. Os finalistas foron os equipos do *colexio La Salle* en Bacharelato e do *IES Pontepedriña* en ESO. Recibiron como premio un ebook para cada un dos membros que compoñen os equipos.

Os participantes na final foron na categoría de ESO con dous equipos o *IES Antonio Fraguas de Santiago*, e cun equipo o *IES Pontepedriña de Santiago*, o *IES Rosalía de Castro de Santiago*, o *Colexio La Salle (Santiago)*, o *IES Eduardo Pondal*, tamén de Santiago, o *CPR Filipense Sagrada Familia de*

Na categoría de Bacharelato participaron con dous equipos o *IES de Becerreá*; e cun equipo o *IES Castro Alobre de Vilagarcía de Arousa*, o *IES Eduardo Pondal de Santiago*, o *IES de Foz*, o *Centro Galén de Lugo*, o *Colexio La Salle de Santiago* e o *IES de Rodeira de Cangas*.

Os temas sobre os que xiraron os debates foron, no caso de Bacharelato, **‘Foméntase dende os fogares a falta de respecto ao profesorado na escola?’** e na categoría de ESO: **‘Cine. Desaparecerán as salas de cine como forma de ocio?’**.

Pola súa banda, os alumnos e alumnas do equipo gañador ao mellor dossier de investigación, do *IES Eduardo Pondal*, recibiron como premio un diploma e un disco duro. O tema deste dossier foi o da fase preliminar: **‘Debería adiantarse a maioría de idade legal aos 16 anos?’**. E os oito mellores oradores – catro en cada categoría- recibiron como premio un diploma e un ipod.

Rodeiro destacou que “*os mozos e mozas son os verdadeiros protagonistas desta iniciativa, que convida ao diálogo, ao debate e a expresar as ideas propias, e invita a facelo nun escenario de respecto e tolerancia*”.

“*Os debates non son unha confrontación. O verdadeiro debate afonda na busca de puntos en común. A clave dun bo debate non está so en falar ben, senón tamén en saber escoitar. O debate útil e produtivo é aquel que axuda a tender pontes polas que podemos avanzar todos xuntos*”, engadiu en referencia a esta iniciativa que, en cinco anos de vixencia, permitiu a participación de 600 alumnos e 130 profesores.

Un modelo participativo

Parlamento Xove parte dun modelo participativo. Permite as mozos e mozas desenvolver a capacidade de levar a cabo diálogos respetuosos e produtivos e permítelles medrar no emprego de ferramentas democráticas. Trátase de debates de carácter argumentativo; espazos de comunicación que permiten a discusión sobre o tema proposto nos que gañarán non os equipos que necesariamente teñan a razón, senón os que mellor sustenten as súas ideas. Durante o transcurso destes debates dialécticos, os mozos desenvolven valores como a capacidade de respectar a opinión dos demais, a colaboración cos compañeiros para elaborar as conclusións e fomentan a toma de conciencia no comportamento democrático.

Parlamento Xove, como actividade na que participa alumnado e profesorado de centros educativos, contribúe ao desenvolvemento de practicamente todas as competencias básicas: competencia lingüística, nos seus catro ámbitos (expresión oral e escrita e comprensión oral e escrita); competencia matemática porque en todos os debates manexan datos e porcentaxes que avalan a súa argumentación;

tratamento da información e competencia dixital; competencia social e cidadá, porque contribúe á convivencia dado que o traballo realízase en equipo; competencia cultural e artística, porque nos debates esíxese o emprego de figuras estilísticas e capacidade de retórica; e competencia para aprender a aprender e iniciativa persoal.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Concurso de creación audiovisual sobre o boletín informativo da DXXV

Martes, 14 Abril 2015 00:00



A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e o Consello Asesor de RTVE-Galicia e en funcións da CRVTG, convocan un concurso de creatividade co fin de trasladar o boletín informativo da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a formato audiovisual.

Participantes:

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas de entre 18 a 30 anos, ambas inclusive, residentes en Galicia e sen vinculación profesional a empresas periodísticas ou a actividade profesional das industrias culturais.

Temática:

A técnica será libre, baseándose o audiovisual nos contidos, totais ou parciais, da *Revista Semanal da Rede Galega de Información Xuvenil*, que están dispoñibles no portal web <http://xuventude.xunta.es/boletin-semanal.html>

As obras deben incluír obrigatoriamente a cabeceira “*Revista Semanal da Rede Galega de Información Xuvenil*”.

Admitiranse traballos realizados tanto de forma individual como en grupo. En calquera caso, valorarase en igual grao a orixinalidade da proposta, o enfoque periodístico e a calidade estética de cada peza.

Requisitos:

Cada autor/a ou autores/as poderán participar cunha gravación orixinal, inédita e en galego (locución e textos) do programa informativo co que se concursa, e que non excederá dos 10 minutos de duración.

Admitiranse obras nun único formato dixital: MPEG-4 (o mp4) codificado en H264 e AAC (para audio) de 854 píxeles de ancho x 480 píxeles de alto (ou 16.9)

As distintas pezas informativas audiovisuais que integren o programa, estarán realizadas con un enfoque periodístico para poder ser emitidas non só por televisión senón tamén por internet, sendo susceptible de que os distintos medios “on line”, poidan tamén colgar o seu contido, íntegro ou por partes.

A gravación, que se poderá facer con calquera aplicación audiovisual, e na que se poderán empregar un ou dous locutores, presentarse en DVD ou URL de descarga, para permitir ás televisións e medios “on line” editar as imaxes e poñerlles locución propia.

O soporte audiovisual que se envíe deberá ter as óptimas condicións de visionado e gravado.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o Consello Asesor de RTVE-Galicia e da CRTVG en funcións quedan facultados para introducir algunha modificación na obra premiada se existira algunha dificultade técnica para a súa difusión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nestas bases.

Os autores e as autoras quedarán comprometidos/as a realizar as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os arquivos de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis adecuado.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o Consello Asesor de RTVE-Galicia e da CRTVG en funcións quedarán eximidos de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da lexislación vixente que en materia de propiedade intelectual puidesen incurrir os/as participantes.

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso do traballo premiado, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a súa cesión a favor da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e do Consello Asesor de RTVE-Galicia e da CRTVG en funcións dos dereitos de edición.

O traballo premiado pasará a ser propiedade da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e do Consello Asesor de RTVE-Galicia e da CRTVG en funcións, que adquirirá sobre esta o dereito pleno á súa utilización, reprodución e difusión.

O feito de participar nesta convocatoria supón a autorización dos/as participantes, á favor da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e do Consello Asesor de RTVE-Galicia e da CRTVG en funcións, para a exhibición, reprodución ou publicación da imaxe e contido do proxecto presentado nas súas canles de comunicación ou calquera medio que estimen oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

Documentación:

Os traballos presentaranse en soporte DVD ou en URL de descarga. Neste último caso, na solicitude de inscrición deberá indicar a URL de descarga que deberá estar activa ata o 31 de xullo de 2015.

Todos os proxectos presentados irán acompañados dos seguintes documentos:

1. Sobre nº1

No exterior do sobre figurará:

- en letras maiúsculas, un lema ou pseudónimo que servirá para preservar a identidade do/a artista ata o fallo do xurado.
- "Concurso de creatividade audiovisual sobre o Boletín Informativo da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Documentación a introducir neste **sobre nº 1**:

- a) A solicitude de inscrición debidamente cuberta, que figura como Anexo nesta convocatoria.
- b) O soporte DVD no caso de que non indique na solicitude de inscrición a URL de descarga.

2. Sobre nº 2 (que debe ser introducido dentro do sobre nº 1).

No exterior do sobre debe figurar, outra vez e en letras maiúsculas, o lema ou pseudónimo que servirá para preservar a identidade do/a artista ata o fallo do xurado.

Documentación a introducir neste **sobre nº 2**:

- a) Datos do/a creador/a: nome, apelidos, copia do DNI, data de nacemento, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto.
- b) Ficha explicativa do proxecto presentado.
- c) Declaración xurada indicando que o traballo é orixinal e inédito.
- d) Declaración xurada de non vinculación profesional a empresas periodísticas ou a actividade profesional das industrias culturais.

Se se apreciasen defectos ou falta de documentación, por parte da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición.

Lugar e prazo de entrega:

O **prazo** de admisión das obras estará aberto ata o **30 de xuño de 2015** e poderanse enviar por correo postal a:

"Concurso de creatividade audiovisual sobre o Boletín Informativo da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado".

Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 3º
15781 Santiago de Compostela"

Igualmente admitirase a entrega da documentación en calquera rexistro, en horario de 9:00 h a 14:00 h, presentando a solicitude de inscrición para o seu posterior selo de entrada.

Calquera información sobre o concurso ou solicitude de presentación a este, pode obterse mediante contacto coa *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* nos teléfonos 981 541 689, 981 545 702, 981 545 937.

A entrega dos premios levarase a cabo na primeira quincena de xullo no lugar e hora a determinar e comunicar publicamente pola organización.

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* porá o máximo coidado nas obras recibidas, pero declina toda responsabilidade de perdas, roturas, roubos, furtos ou danos nas obras por razón de forza maior ou calquera outra causa allea á súa vontade, tanto nos actos de recepción e devolución como durante o tempo que estean baixo a súa custodia.

Unha vez recibidas as propostas e pechado o prazo de admisión, procederase á súa valoración por un xurado responsable de resolver o concurso.

Xurado:

A composición do xurado, que contará cunha presenza maioritaria do *Consello Asesor de RTVE-Galicia e da CRTVG* en funcións e con persoal técnico da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, farase pública nas páxinas web da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* www.xuventude.net e do *Consello Asesor de RTVE e da CRTVG* en funcións, <http://www.conselloasesor-rtveg Galicia.com/crtve/index.php>

Antes do fallo do xurado, a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* e o *Consello Asesor de RTVE-Galicia e da CRTVG* en funcións poderán levar a cabo a difusión de todos os traballos presentados.

O fallo do xurado será inapelable e poderá ser declarado deserto se así o considera este.

O fallo difundirase mediante unha nota nas citadas webs e por teléfono a partir do día seguinte do fallo do concurso.

Premios:

O/a autor/es/as da obra gañadora recibirá como premio:

- Ser membro do xurado da especialidade de videocreación do certame Xuventude Crea 2015 condición que terá carácter retribuído, sen prexuízo de aplicación sobre a cantidade a percibir das retencións legalmente establecidas.
- A participación para 2 persoas nunha estancia de fin de semana de ocio educativo nunha instalación da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

O autor ou autora do proxecto clasificado en segundo lugar recibirá como premio a participación para 2 persoas nunha estancia de fin de semana de ocio educativo nunha instalación da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Devolucións dos proxectos non premiados:

Para a devolución das obras non premiadas existirán dous procedementos para ser retiradas:

1. persoalmente polo seu autor/es/as ou
2. mediante delegación, por escrito, noutra persoa no lugar onde foron entregadas, no prazo de 30 días que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do/a gañador/a na web da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*.

As obras non premiadas que non foron retiradas polos interesados no prazo establecido, pasarán á libre disposición da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*.

A participación supón a aceptación total das condicións fixadas nesta convocatoria, e unicamente a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* e o *Consello Asesor de RTVE-Galicia* e en funcións da *CRVTG* quedan facultados para dirimir calquera controversia derivada da interpretación destas, así como para decidir a suspensión do concurso no caso de non acadarse unha participación mínima de tres solicitantes previa comunicación aos/ás mesmos/as.

Protección de datos:

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados polos participantes nesta actividade serán susceptibles de tratamento estritamente confidencial, con finalidades técnicas, nun ficheiro no que o seu responsable será a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, autorizando a todos e cada un dos participantes para facer uso dos seus datos persoais para o fin correspondente.

Os participantes poderán acceder a este ficheiro en calquera momento e exercer os seus dereitos de modificación, rectificación e/ou cancelación dos mesmos, coa simple comunicación por escrito á *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*.

Máis información: subactividades-xuventude.ctb@xunta.es e nos teléfonos 981 541 689, 981 545 702 e 981 545 937

Subvencións concedidas por Iniciativa Xove na provincia de Pontevedra

Martes, 14 Abril 2015 06:34



iniciativa xove

No **DOG do 14 de abril** publícanse as subvencións concedidas a través de **Iniciativa Xove** a entidades xuvenís e grupo informais da provincia de Pontevedra.

Máis información no **DOG do 14 de abril de 2015**.

Día Europeo da Información Xuvenil

Martes, 14 Abril 2015 15:09



<http://eryica.org/sites/default/files/European%20Youth%20Information%20Charter%20I%20Galician%20Version.pdf>

O **17 de abril** celébrase o día europeo da información xuvenil.

Aquí podes consultar a **Carta Europea de Información Xuvenil, ERYICA:**

<http://eryica.org/sites/default/files/European%20Youth%20Information%20Charter%20I%20Galician%20Version.pdf>

A Educación cambia o mundo

Mercres, 15 Abril 2015 10:26



A participación cidadá na Axenda post-2015

21 e 22 de abril de 16:00 a 20:00 h

Facultade de Ciencias da Educación da USC (Campus Vida)
Santiago de Compostela

Coa participación do Catedrático de Pedagogía Social da USC José Antonio Caride Gómez, USC, e a educadora boliviana Soledad Lázaro, especialista en Néixer.



Campaña Mundial pola Educación organiza o Seminario Internacional polo Dereito á Educación "A educación cambia o mundo. A participación cidadá na Axenda post-2015" que terá lugar os vindeiros días **21 e 22 de abril** de 16:00 a 20:00 horas no *Salón de Actos da Facultade de Ciencias da Educación do Campus Vida (Campus Sur) de Santiago de Compostela*.

Programa:

21 de abril, martes.

16:00. Viaxe no tempo como punto de inicio.

16:20 - 17:20. Relatorio Marco sobre a Educación para Todos e Todas (EPT). Poñente: o Catedrático de Pedagogía Social José Antonio Caride Gómez, USC.

17:30 - 19:15. Experiencias sobre a capacidade transformadora da educación en Galicia. Que estamos a facer dentro dos nosos espazos de traballo e de activismo social?

Primeiro itinerario: Experiencias de ensinanza aprendizaxe para transformar o mundo. A Campaña Mundial pola Educación. Historias de alumnado e profesorado.

Segundo itinerario: Educar en igualdade dentro e fóra da aula: o enfoque de xénero nas prácticas educativas. Coa educadora popular Paz Caínzos e Fiadeiras.

19:20 - 20:30. Mesa Redonda. A educación dende as diversidades: o reto da EPT. Cantas diversidades existen no mundo? E en Galicia?

22 de abril, mércores

16:00 - 17:20. Conversas educativas: historias de vida ao outro lado do Atlántico. Silvio Gutiérrez: Educador nicaraguano e promotor de dereitos humanos. Cecilia Lazarte: Educadora boliviana especialista en xénero e desenvolvemento rural.

17:20 - 17:30. Visita pola exposición "A Educación para Todos e Todas"

17:30 - 18:30. Caixa de ferramentas: Metodoloxías para descubrir e contar historias. Se non sabemos atopalas e narralas, non poderemos transformalas.

1. Obradoiro de teatro social: Unha ferramenta para a emancipación educativa. Co Grupo de Teatro dx Oprimidx Cen Tolas.

2. Obradoiro de Contacontos: Como relatamos as nosas historias? Estratexias para educadores e educadoras. Con Bea Campos de Migallas Teatro.

3. Obradoiro de radiodifusión e alfabetización mediática: O poder transformador da comunicación como ferramenta educativa. Con AGARESO.

18:45 - 20:00. Relatorio de clausura: O cambio de paradigma na nova Axenda post-2015. Poñente: Cecilia Lazarte.

Máis información <https://www.facebook.com/CMEGalicia>

Recuperación e utilización educativa de vilas abandonadas, quendas outono e primavera

Mercores, 15 Abril 2015 10:51



O Ministerio de Educación convoca o programa "**Recuperación e utilización educativa de vilas abandonadas**" nas quendas outono e primavera, destinado a alumnado de:

- 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato.
- Formación Profesional de Grao Medio.

- Programas de Cualificación Profesional Inicial.

As actividades desenvolveranse en pobos abandonados de *Búbal (Huesca)*, *Granadilla (Cáceres)* e *Umbralejo (Guadalajara)*

Os grupos de alumnos participantes e os seus profesores desenvolverán as actividades en períodos semanais de domingo pola tarde a sábado pola mañá, de acordo coa seguinte distribución temporal:

Alumnos de 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria e de Programas de cualificación profesional inicial.

- Primavera: entre o 24 de maio e o 20 de xuño de 2015.
- Outono: entre o 20 de setembro ao 17 de outubro de 2015.

Alumnos de Bacharelato e Formación Profesional de Grao Medio.

- Outono: entre o 18 de outubro e o 28 de novembro de 2015.

Os alumnos que desexen participar, deberán solicitalo a través da Dirección dos seus centros, formando grupos de 20 a 25 alumnos que serán acompañados por un ou dous profesores dos que habitualmente lles impartan clase. Os grupos de *Centros de Educación Especial* que participen deberán respectar a seguinte ratio profesor/alumno: un profesor acompañante máis, tres en total, por grupo de 20 a 25 alumnos.


O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **28 de abril de 2015**.

Máis información no BOE do 15 de abril de 2015.

<http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo-servicios/becas-ayudas-subsenciones/extraescolares.html>

Campus de Profundización Científica para estudantes de 4º de ESO

Xoves, 16 Abril 2015 07:09



O Ministerio de Educación convoca 80 axudas para participar no ano 2015, no **Programa Campus** de afondamento científico para estudantes de secundaria en Soria, durante o mes de **xullo de 2015**.

Finalidade do campus:

O obxecto deste **Campus** favorecer o desenvolvemento do interese científico por parte dos alumnos, potenciar as súas capacidades demostradas no ámbito das ciencias, así como fomentar o esforzo individual e a motivación do alumnado, ao tempo que se integra nun ámbito no que prima a convivencia e o intercambio de experiencias culturais e educativas entre alumnos procedentes das distintas Comunidades Autónomas.

Datas:

O **Campus** de afondamento científico realizarase no IES «**Virgen del Espino**» de Soria, sendo aloxados os alumnos na residencia «**Escuela Hogar Madre de las Mercedes**» en Soria.

O Campus desenvolverase en dúas quendas, de 40 alumnos cada un, que terán lugar nas seguintes datas:

1ª quenda: Do 6 ao 16 de xullo de 2015.

2ª quenda: Do 17 ao 27 de xullo de 2015.

Requisitos:

a) Alumnos que no curso escolar 2014/2015 estean a cursar ensinanzas de cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria, en centros educativos españois sostidos con fondos públicos.

b) Que obtivesen unha nota media no curso escolar 2013/2014 superior ou igual aos 9,0 puntos.

c) Que durante o curso 2014/2015, estean a cursar as seguintes materias: Matemáticas B, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía.

A axuda cobre os gastos de matrícula no curso, materiais, actividades, aloxamento, asistencia de monitores e manutención dos alumnos que contarán, así mesmo, cun seguro que cubra as continxencias de accidentes e responsabilidade civil durante o desenvolvemento do Campus.

O traslado dos alumnos dende os seus lugares de orixe ata o Campus asignado, así como dende este ata os seus domicilios será por conta dos alumnos.

A Real Sociedade Española de Física será a encargada da organización e coordinación das actividades que se desenvolvan.

Solicitudes:

<https://sede.educacion.gob.es>, sección "Trámites y Servicios"

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **30 de abril de 2015**.

Máis información no BOE do 16 de abril de 2015 e en <https://rsef.es/>

Recuperación e utilización educativa de vilas abandonadas en quendas de verán

Xoves, 16 Abril 2015 07:45

O Ministerio de Educación convoca axudas para 700 alumnos de centros educativos españois, para a participación na actividade de recuperación e utilización educativa dos pobos abandonados de Búbal (Huesca), Granadilla (Cáceres) e Umbralejo (Guadalajara), durante o verán de 2015.



Requisitos do alumnado:

- 3º e 4º de Ensino Secundario Obrigatorio.

- Bacharelato.

- Formación Profesional de Grao Medio.

- Formación Profesional Básica e Programas de Cualificación Profesional.

En calquera caso, a idade máxima para a participación na convocatoria será de 18 anos acreditada no fin do prazo de solicitude.

Quendas:

Os alumnos participantes desenvolverán as súas actividades en períodos de 7 días, de luns a domingo, nas seguintes quendas:

- Alumnos de 3º e 4º de ESO, de Formación Profesional Básica e de Programas de cualificación profesional inicial:

1ª quenda: Do 6 ao 12 de xullo.

2ª quenda: Do 13 ao 19 de xullo.

- Alumnos de Bacharelato e Formación Profesional de Grao Medio:

3ª quenda: Do 20 ao 26 de xullo.

4ª quenda: Do 27 de xullo ao 2 de agosto.

Os alumnos que desexen participar, deberán solicitalo de forma particular en <https://sede.educacion.gob.es>, sección «Trámites y Servicios»

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poñerá a disposición dos alumnos beneficiarios un autobús que os trasladará ao pobo asignado dende a estación de ferrocarril ou autobuses máis próxima a este de acordo coas instrucións de participación. O traslado dende o domicilio ata ese punto de encontro correrá por conta dos interesados, e viceversa á finalización da actividade.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **8 de maio de 2015**.

Máis información no BOE do 16 de abril de 2015 e en:

<http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo-servicios/becas-ayudas-subvenciones/extraescolares.html>

Docentes estranxeiros para centros educativos españois

Xoves, 16 Abril 2015 08:04



O *Ministerio de Educación* selecciona centros educativos que desexen acoller profesorado de *Alemaña, Austria, Bélxica, Francia, Italia, Países Baixos, o Reino Unido, a República de Irlanda ou Suíza* para a realización de **Estancias Profesionais** no conxunto do territorio do Estado español.

Este programa ten como finalidade, para os centros educativos, reforzar o conxunto de accións destinadas a favorecer intercambios culturais, coñecer outras metodoloxías, así como fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a participación en programas educativos europeos.

Os centros educativos interesados en participar neste programa poderán facelo nunha destas dúas modalidades:

- Como centro de acollida para un docente xa identificado, procedente dalgún dos países incluídos nesta convocatoria, e que estea a participar nun programa de mobilidade profesional no seu país de orixe.
- Como centro que desexa acoller a un docente dalgún destes países e que, no caso de haber demanda, lle sexa asignado a través desta convocatoria.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata ou **15 de maio de 2015**.

Máis información non **BOE** do 15 de abril de 2015 e en www.educacion.es

Fomento de actividades de voluntariado

Venres, 17 Abril 2015 06:32



A *Consellería de Traballo* convoca subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a entidades locais enmarcadas no programa **Servizo de Voluntariado Xuvenil**, desde o **1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2015**.

O dito programa consiste en incorporar ás entidades de acción voluntaria e ás entidades locais inscritas no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia** mozos/as galegos/as para a súa colaboración como voluntarias/os na realización dos proxectos de voluntariado.

Serán subvencionables os proxectos de acción voluntaria presentados por entidades de acción voluntaria e entidades locais sempre que a dita acción voluntaria sexa desenvolvida por mozos/as de idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, ou de 16 a 18 anos con

autorización do pai/nai ou titor/a legal, e que se realicen no ámbito territorial de Galicia, prioritaria pero non exclusivamente, nalgunha das seguintes áreas:

- Actividades relacionadas co Camiño de Santiago.
- Actividades de recuperación da cultura/arte/tradicións populares galegas.
- Actividades con colectivos en situación de risco.
- Actividades xuvenís.
- Actividades ambientais.
- Actividades relacionadas coa igualdade de xénero.

Os proxectos de acción voluntaria subvencionables deberán ter unha duración comprendida entre 15 e 60 días.

Requisitos:

- Que as entidades de acción voluntaria e as entidades locais estean legalmente constituídas e inscritas no *Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia*.
- Ter sede permanente ou domicilio social en Galicia e desenvolver os programas subvencionables na *Comunidade Autónoma galega* a través de voluntarias ou voluntarios.
- Ter debidamente contratados todos os seguros de responsabilidade civil e de accidentes de todas as persoas voluntarias.

Os trámites poden facerse en <http://sede.xunta.es> co procedemento **BS320A**

O **prazo** para a presentación das solicitudes estará aberto ata o **18 de maio de 2015**.

Máis información no **DOG** do 17 de abril de 2015 e en www.voluntariadogalego.org

Día Europeo da Información Xuvenil en Santiago de Compostela

Venres, 17 Abril 2015 07:30



O **17 de abril** co motivo do **Día Europeo da Información Xuvenil** desenvólvese en Santiago de Compostela a xornada: **Información e Programa de Garantía Xuvenil nos Espazos Xoves**.

Lugar: Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil.

Hora: 11.00 h

Xornada informativa programa de mobilidade trasnacional xuvenil (Galeuropa)

Venres, 17 Abril 2015 08:00



Programa definitivo

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado organiza unha xornada informativa sobre a próxima convocatoria do programa de mobilidade trasnacional xuvenil Galeuropa, un programa de axudas para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas público ou privadas de países europeos.

A finalidade do programa é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos mozos/as contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

Esta iniciativa enmárcase dentro do **Programa Operativo de Emprego Xuvenil** cofinanciado pola **Iniciativa Europea de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo**.

Data: 20 de abril de 2015

Lugar: Salón de Actos. Centro de Novas Tecnoloxías. R/ Airas Nunes, s/n. Conxo - Santiago de Compostela.

Destinatarios:

- Mozos e mozas maiores de 16 e menores de 25 anos
- Membros de entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades no eido da xuventude
- Técnicos/as de xuventude e de emprego de Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia
- Representantes de empresas interesadas na internacionalización
- Interesados/as en xeral en proxectos de mobilidade

Programa definitivo:

10:45 - 11:00 h. Chegada dos participantes.

11:00 - 11:15 h. Inauguración da xornada por D^a Beatriz Mato Otero, conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

11:15 - 12:15 h. A convocatoria coordinada de mobilidade trasnacional xuvenil. Orixe, finalidade, características, socios.

Relatoras: Bettina Reuter e Mechthid Jürgen do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de Alemaña.

12:15 - 12:30 h. Internacionalización do mercado.

Relator: Juan Feijoo Casanova, responsable de programas de internacionalización. Area de internacionalización "Galicia@World". Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) da Xunta de Galicia.

12:30 - 12:45 h. Pausa café.

12:45 - 13:15 h. O programa de mobilidade trasnacional xuvenil (Galeuropa) en Galicia. Obxecto, características, destinatarios.

Relatora: Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Promoción de Actividades da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia.

13:15 - 13:45 h. Panel de experiencias en proxectos de mobilidade trasnacional.

Relator: Guillermo Vergara, vicepresidente da Fundación Paideia Galicia.

13:45 - 14:00 h. Quenda de preguntas.

14:00 h. Fin da xornada.

Inscripcións: Do 9 ao 17 de abril ás 12:00 h mediante envío de formulario electrónico.

'Educación non formal e outras alternativas para a xuventude' en Porto do Son

Venres, 17 Abril 2015 10:38



O Concello de Porto do Son organiza, o **24 de abril**, a través dos servizos de **Orientación Laboral e Información Xuvenil** a xornada: "**Educación non formal e outras alternativas para a xuventude**"; unha xornada centrada especialmente en accións formativas ao alcance da mocidade e o seu aproveitamento para a inserción laboral.

Obxectivos:

1. Coñecer algunhas das alternativas que a mocidade ten ó seu alcance ao rematar os seus estudos obrigatorios, tanto se desexan seguir formándose como se optan por acceder ao mercado laboral.
2. Ofrecer recursos/ferramentas ou contactos de interese para a mocidade no ámbito da educación non formal.
3. Programas de Mobilidade Europea da man de profesionais no ámbito e experiencias persoais dalgúns xóvenes.
4. Dar a coñecer o Programa de Garantía Xuvenil.

Destinatarios:

Mozos eç mozas de 16 a 25 anos, e profesionais do ámbito da xuventude.

Data: 24 de abril de 2015.

Lugar: Auditorio da Casa de Cultura de Porto do Son

Prazo de inscrición:

O prazo de inscrición remata o mércores **22 de abril**, ás 14:30 horas. Prazas limitadas.

Programa:

09:00 h. Recepción dos participantes e recollida de material.

09:30 h. Presentación da Xornada.

10:00 h. Programas de Xuventude e Mobilidade da Fundación Paideia: Servizo de voluntariado europeo e proxecto La IdA.

- Óscar Blanco Somoza. Técnico de proxectos de xuventude e desenvolvemento territorial da Fundación Paideia.
- Rubén Ventoso (Porto do Son - Galicia). Participante no proxecto La Ida en 2013.

- Tony Pruska (Alemania). Participante no Proxecto La Ida (Galicia) e 2014. Actualmente participando no Servizo de Voluntariado Europeo en Galicia.

11:30 h. Descanso

12:00 h. Programa de Garantía Xuvenil.

- Segundo Beloso Quiñones. Informador Xuvenil do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Santiago.

13:00 h. Programas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

- Rogelio Rivas Miguez. Dinamizador Xuvenil.

16:30 h. Curriculum ordinario vs. Curriculum europass

- José Manuel Pazó Argibay. Orientador laboral do Concello de Porto do Son.

18:00 h. Descanso

18:30 h. Iniciativas de formación a distancia e novas tecnoloxías. Aula Mentor. Rede Cemit.

- Profesor do IES Campo San Alberto de Noia.

- José Ramón Santos Dios. Axente TIC.

19:30 h. - Clausura

Máis información:

Na **Oficina de Orientación Laboral e na Oficina de Información Xuvenil do Concello de Porto do Son**. Telf.: 981 767 589

Correo electrónico: omixportodoson@yahoo.es

jose.pazo@portodoson.dicoruna.es

Subvencións concedidas a entidades xuvenís da Coruña dentro de Iniciativa Xove

Luns, 20 Abril 2015 06:51



iniciativa xove

No **DOG do 20 de abril de 2015** publícanse as axudas concedidas a entidades xuvenís da provincia da Coruña dende **Iniciativa Xove**.

DOG do 20 de abril de 2015.

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Curso de Manipulador de Alimentos

Luns, 20 Abril 2015 09:59

curso monográfico
MANIPULADOR DE ALIMENTOS

CURSO ONLINE
-Do 1 ao 14 de Xuño
-12 horas lectivas
-Prezo 20 euros (Posible desconto de 5€)
-Diploma acreditativo
-Recoñecido pola Xunta de Galicia



A **Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia** convoca un curso de **Manipulador de Alimentos** na modalidade en liña.

Data: do 1 ao 14 de xuño.

Duración: 12 horas lectivas.

Prezo: 20 €

Descostos: existe a posibilidade de ter un desconto de 5 € sobre o prezo do curso aos socios dun **Centro Xuvenil Don Bosco**, persoas desempregada ou persoas posuidoras do **Carné Xove**.

Con diploma acreditativo (entidade de formación en hixiene alimentaria con nº536/GA na Xunta de Galicia).

Contidos do curso:

- Introducción á manipulación de alimentos
- Contaminación dos alimentos
- Enfermidades de transmisión alimentaria
- O manipulador de alimentos
- Métodos de prevención
- Sistema de análise de perigos e puntos críticos de control (APPCC)
- Lexislación aplicable

Máis información en www.fedboscogal.org e nos teléfonos 988 218 183 - 647 131 705 ou ben no correo electrónico a secretaria@fedboscogal.org

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Pontevedra

Xoves, 16 Abril 2015 09:53



A **Escola de Tempo libre Barlovento** organiza un **curso de Monitor/a de actividades de tempo libre**.

Datas: do 20 de abril ao 15 de xuño de 2015.

Lugar: Escola de Tempo libre Barlovento. Avda. das Camelias Nº3 Urbanización Pontemiuños - Lourizán. Pontevedra.

Inscripcións e máis información:

Escola de tempo libre Barlovento.
Teléfono 661 74 00 07.

BOLSAS E AXUDAS

CONVOCATORIA XERAL

Convocadas 2 bolsas de licenciado ou graduado en bioloxía na Deputación de Pontevedra

Mercores, 15 Abril 2015 11:29

As bolsas con destino na estación fitopatolóxica do Areeiro son para realizar tarefas de mostras de campo, preparación e diagnóstico de axentes fitopatóxenos.

As bolsas teñen unha dotación económica de 800 euros.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **4 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Pontevedra do 14 de abril de 2015.

BOLSAS E AXUDAS IDIOMAS

Prazas estanzas en Europa para profesorado en linguas estranxeiras

Martes, 14 Abril 2015 14:30



O Ministerio de Educación convoca **110 prazas** para a realización de **estanzas profesionais** en centros educativos de Alemaña, Austria, Bélxica, Francia, Italia, Reino Unido, República de Irlanda e Suíza.

Requisitos:

Ser funcionario/a de carreira do corpo de Mestres de Educación Infantil e Primaria, Profesores de Ensino Secundario, Catedráticos de Ensino Secundario, Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas, Catedráticos de Escolas Oficiais de Idiomas, Profesores Técnicos de Formación Profesional, Profesores de Música e Artes Escénicas e Profesores de Artes Plásticas e Deseño. Estar a impartir docencia de lingua estranxeira ou dunha disciplina non lingüística nalgunha lingua estranxeira, no momento de presentar a solicitude de participación nesta convocatoria. Acreditar, polo menos, un nivel de competencia lingüística equivalente ao nivel B2 establecido no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL) do/dos idioma/s oficial/é de cada un dos países elixidos para realizar a estanza

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **5 de maio de 2015**.

Máis información BOE do 14 de abril de 2015 e en www.educacion.es


BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Dúas bolsas de estadia na Casa de Velázquez en Madrid

Xoves, 19 Marzo 2015 07:57

O Consello da Cultura Galega convoca dúas bolsas de estadia na **Casa de Velázquez** en Madrid, coa finalidade de contribuír ao estudo e investigación da proxección da cultura galega, notablemente no mundo francófono.

Unha bolsa de estadia para a investigación na **Casa de Velázquez** en Madrid: Esta bolsa ten como finalidade facilitar a presenza dun/dunha investigador/a na Casa de Velázquez en Madrid.



Madrid, así como un escrito do responsable da investigación sobre o interese do proxecto.

Requisitos específicos:

- Estar en posesión do título universitario de licenciado/a ou de grao e ter rematados os estudos conducentes a el no curso académico 2010/11 ou posterior.
- A investigación que se vai desenvolver pertencerá ao ámbito das ciencias humanas e sociais, cuxas fontes ou terreo de referencia se atopen en Madrid, e terá que ver coa cultura e a historia de Galicia e a proxección da cultura galega, notablemente no mundo francófono.
- O investigador ou investigadora deberá presentar unha memoria explicativa do proxecto de investigación que resuma as características xerais da investigación que vai levar a cabo, ao cal se debe xuntar unha carta de convite dalgún centro de investigación, estudo ou documentación situado en

Unha bolsa de estadia de creación na Casa de Velázquez en Madrid: Esta bolsa ten como finalidade facilitar a presenza dun/dunha creador/a na Casa de Velázquez en Madrid. Está destinada a creadores ou creadoras do ámbito das artes visuais (agás pintores e escultores) ou músicos.

Requisitos específicos:

- Estar en posesión do título universitario de licenciado/a ou de grao e ter rematados os estudos conducentes a el no curso académico 2010/11 ou posterior.
- O creador ou creadora deberá presentar unha memoria explicativa que resuma as características xerais do proxecto que vai levar a cabo.
- Os proxectos de artes visuais (debuxo, cine, fotografía, gravado, vídeo) ou composición musical deberán estar avalados por un responsable dun centro de creación, dun museo, dun conservatorio, etc. No proxecto de creación deberase xustificar tanto a necesidade da estadia en Madrid como a da proxección da cultura galega, notablemente no mundo francófono.

Requisitos xerais das dúas bolsas:

Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, agás os que acrediten estar en posesión do título de licenciado/a en Filloxía Galega.

Dotación:

Cada bolsa estará dotada con 1.000 € de estadia mensual por un período de 3 meses.

A Casa de Velázquez asumirá os gastos da hospedaxe. Proporcionará, ademais, tarifas preferenciais (boursier) para os gastos de manutención na cafetería da Casa de Velázquez. Igualmente, ofrecerá a posibilidade de empregar os espazos de traballo e documentación da Casa de Velázquez. Do mesmo xeito, poderán participar nas actividades de investigación e creación da Casa de Velázquez.

O prazo para presentar solicitudes estrará aberto ata o **20 de abril de 2015**.

As solicitudes poden descargarse de <https://sede.xunta.es> co procedemento **PR970A**.

Máis información no **DOG do 19 de marzo de 2015** e en

<http://consellodacultura.gal>
www.casadevelazquez.org

BOLSAS E AXUDAS → MOBILIDADE

Programa de Estancias de mobilidade de profesores e investigadores en centros estranxeiros

Luns, 20 Abril 2015 09:20



O *Ministerio de Educación* convoca subvencións para o **Subprograma de Mobilidade dentro do Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa Empregabilidade**.

O **Programa de Estancias** de mobilidade de profesores e investigadores en centros estranxeiros de ensino superior e investigación desenvólvese a través de varias modalidades:

Modalidade A. Estancias de profesores e investigadores sénior en centros estranxeiros, incluído o programa "**Salvador de Madariaga**". Convócanse ata un máximo de 360 axudas. Esta modalidade dirxese ao profesorado universitario e a investigadores con experiencia e traxectoria profesional acreditadas.

Modalidade B. Estancias de mobilidade no estranxeiro "**José Castillejo**" para novos doutores. Convócanse ata un máximo de 260 axudas. Esta modalidade ten por obxecto favorecer e incentivar a mobilidade de novos doutores que se incorporasen recentemente á carreira docente e investigadora.

Estancias en EE.UU en colaboración coa **Comisión Fulbright**.

Os solicitantes de estancias para EE.UU, poderán optar por presentarse dentro do programa xeral ou no marco da Comisión Fulbright.

As estancias terán unha duración mínima de tres meses e máxima de seis meses, improrrogables e nun único período, debendo coincidir cos períodos de actividade académica ou científica dos centros de destino.

Requisitos:

Título de doutor. Estar en posesión do título de doutor e ter obtido o grao de doutor na data indicada para cada modalidade. Entenderase como data de obtención do doutorado a de lectura e aprobación da tese doutoral.

a) Modalidade A: Ter obtido o grao de doutor con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2004.

b) Modalidade B: Ter obtido o grao de doutor a partir do 1 de xaneiro de 2004.

As estancias poderán gozarse dende o 1 de xullo de 2015 ao 30 de setembro de 2016.

As estancias que se soliciten no marco do Programa Fulbright deberán iniciarse a partir de xaneiro de 2016.

As solicitudes formalizaranse a través da Sede Electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, <https://sede.educacion.gob.es>, accedendo ao apartado «Trámites e Servizos».

O prazo de presentación de solicitudes será ata as **14 horas do 14 de maio de 2015**.

Máis información en **BOE do 20 de abril de 2015**.

PREMIOS E CONCURSOS

Videos en inglés

Xoves, 16 Abril 2015 11:06



Oxford University Press España lanza un concurso para alumnos de Primaria e outro para Secundaria e Bacharelato. Os alumnos gañadores de Primaria poderán conseguir un iPad Air de 16 Gb, para cada un deles e o seu profesor de Inglés. Pola súa banda, os estudantes de Secundaria e Bacharelato poderán obter unha viaxe de fin de semana a Oxford para toda a clase xunto co profesor de Inglés e outro membro do centro.

Concurso oxford primaria.

Para o concurso de Primaria, o profesor de Inglés deberá traballar cos seus alumnos nun vídeo dunha duración inferior a dous minutos e que estea vinculado a 'community values'. Algúns exemplos de proxectos poden ser: como manter limpa a túa cidade, como

fomentar o respecto cara a outras culturas, a importancia da educación vial, etcétera. O vídeo debe estar enteiramente realizado en inglés e para participar será necesario subilo a YouTube. Máis información sobre o concurso e como participar neste enlace.

Concurso oxford secundaria

Para o concurso de Secundaria e Bacharelato, o profesor de Inglés deberá traballar cos seus alumnos nun vídeo dunha duración inferior a dous minutos e que estea relacionado cunha cápsula do tempo. O vídeo debe estar enteiramente realizado en inglés e para participar será necesario subilo a YouTube. Máis información acerca do concurso e sobre como participar neste enlace.

Datas

O último día para inscribirse en concursos será o **12 de maio de 2015**.

A votación para a elección de finalistas será do **18 ao 24 de maio de 2015**.

O gañador de cada un dos concursos decidirse o día **26 de maio de 2015**. Sete días despois do fallo do concurso, publicaranse os gañadores en redes sociais e na web de Oxford.

Sistema de votación

Os finalistas serán elixidos a través dunha landing de votación aberta ao público. O límite será dun voto por vídeo (a limitación establecerase vía IP). E, por último, un panel de expertos de **Oxford University Press España** elixirá o gañador tanto de Primaria coma de Secundaria e Bacharelato de entre os oito finalistas.

Más información:

http://online.oupe.es/ELT/OxfordCompetitions/?utm_source=home&utm_medium=slider&utm_campaign=OxfordCompetition

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIONS, CERTAMES E CONCERTOS

VII Concurso de Fotografía Concello de Ourense: Lactación Materna 2015

Xoves, 16 Abril 2015 08:20

O Concello de Ourense convoca o **VII Concurso de Fotografía Concello de Ourense: Lactación Materna 2015**.

Poderá participar no concurso calquera persoa maior de 18 anos e residente en España que presente fotografías orixinais.



Cada concursante poderá presentar un máximo de 2 fotografías.

As obras deberán entregarse en papel fotográfico, sen ningún tipo de montaxe, nun formato aproximado de 20x30cm. No dorso de cada fotografía deberá figurar un pseudónimo que será común para as fotografías presentadas por unha mesma autoría. As fotografías non poderán estar asinadas nin ter datos identificativos, agás o pseudónimo.

As obras presentadas deberán achegar tamén en soporte informático (formato TIFF resolución de 300 ppp e aconsellable espazo de cor Adobe RGB 1998). O CD deberá estar identificado co mesmo pseudónimo que o das fotografías.

As obras remitiranse por correo certificado, por axencia ou en man nun sobre pechado coa única indicación de: **VII Concurso Fotografía Concello de Ourense: Lactación Materna 2015**. Concello de Ourense, Rexistro Xeral, Praza Maior, s/n, 32005 Ourense.

Adxunto coas obras remitirase 1 sobre pechado co mesmo pseudónimo das fotografías escrito no exterior. Dentro deste sobre deberán figurar os seguintes datos:

Nome e apelidos, enderezo, código postal, municipio, provincia, país, telefono/s de contacto, e-mail, fotocopia DNI, declaración asinada do/a autor/a de conformidade coas bases e declaración coa cesión de dereitos de imaxe ao autor/a por parte das persoas fotografadas.

Premios:

- Un primeiro premio dotado con 1.000 €
- Un segundo premio dotado con 500 €
- Dez accésits dotados con 70 € cada un.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata ou **15 de setembro de 2015**.

Máis información non BOP de Ourense do 16 de abril de 2015 e en www.ourense.es/saude

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Lista de contratación de auxiliares de axuda no fogar en Vilasantar

Martes, 14 Abril 2015 07:01

O **Concello de Vilasantar** fai unha convocatoria para a selección urxente de auxiliares de axuda no fogar para constituir unha lista de reserva laboral para a cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo de auxiliares do servizo de axuda no fogar, nos que a súa cobertura se considere necesaria nos casos de vacacións, baixas laborais, permisos, licenzas, etc, do persoal do servizo.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **29 de abril de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 14 de abril de 2015 e na **OMIX de Vilasantar**, teléfono 981 778 169.

Convocada bolsa de emprego de Enxeñeiro Aeronáutico

Mercores, 15 Abril 2015 11:30

O **Ministerio de Emprego**, convoca esta bolsa de emprego de persoal funcionario para técnicos superiores de aviación civil.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **6 de maio de 2015**.

Máis información CIA publicado o 16 de abril de 2015. www.060.es

Peóns para o Concello de Baltar

Martes, 14 Abril 2015 07:11

O **Concello de Baltar** necesita contratar a media xornada dous peóns para o proxecto denominado "**Mellora de rutas de sendeirismo**".

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de abril de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 14 de abril de 2015 e na **OMIX de Baltar**, teléfono 988 466 503.

Convocadas 68 prazas de profesores na Comunidade de Castela-A Mancha

Mercores, 15 Abril 2015 11:32

As prazas convocadas son **43 de profesores de formación profesional, 21 de ESO e 4 de deseno**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **4 de maio de 2015**. **Máis información DOCM do 14 de abril de 2015.** www.docm.es

Convocadas 262 prazas de profesores de ESO e música na Comunidade de Castela-A Mancha

Mercores, 15 Abril 2015 11:35

As prazas convocadas son **252 de profesores de ESO, e 10 de profesores de música**. O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **4 de maio de 2015**. **Máis información DOCM do 14 de abril de 2015.** www.docm.es

Condutor/a de tractor rozadora en Vereá

Xoves, 16 Abril 2015 09:07

O **Concello de Vereá** necesita contratar **un condutor/a de tractor rozadora de forma temporal**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **28 de abril de 2015**. **Máis información no BOP de Ourense do 16 de abril de 2015** e en www.concellodeverea.com

Xuíz/a de paz do Concello de San Cristovo de Cea

Xoves, 16 Abril 2015 09:48

O **Concello de San Cristovo de Cea** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz titular**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 15 de abril de 2015 e no **OMIX de San Cristovo de Cea**, teléfono 988 282 000.

Xuíz/a de paz do Pino

Xoves, 16 Abril 2015 10:35

O **Concello do Pino** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz/a de paz titular**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **2 de maio de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 15 de abril de 2015 e no **OMIX do Pino**, teléfono 981 511 002.

Xuíz/a de paz do Concello de Ponteceso

Xoves, 16 Abril 2015 10:37

O **Concello do Ponteceso** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz/a de paz titular**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **29 de abril de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 15 de abril de 2015 e no **OMIX do Ponteceso**, teléfono 981 714 622.

Persoal temporal para o Concello de Samos

Xoves, 16 Abril 2015 10:44

O **Concello de Samos** necesita contratar temporalmente o seguinte persoal:

*Peón para tarefas de servizos múltiples
Dous peóns para limpeza do Camiño Francés*

O **prazo** para presentar solicitudes estrá aberto ata o **21 de abril de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 16 de abril de 2015 e na **OMIX de Samos**, teléfono 982 546 002

Xuíz/a de paz da Pontenova

Xoves, 16 Abril 2015 10:51

O **Concello da Pontenova** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz/a de paz substituto**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de maio de 2015**. **Máis información no BOP de Lugo do 16 de abril de 2015**.

Xuíz/a de paz de Outes

Venres, 17 Abril 2015 06:47

O **Concello de Outes** fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz de paz titular e substituto.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **2 de maio de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 17 de abril de 2015 e na **OMIX de Outes**, teléfono 981 842 406.

Xuíz/a de paz da Merca

Venres, 17 Abril 2015 06:51

O **Concello da Merca** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz titular**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **5 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 17 de abril de 2015 e na **OMIX da Merca**, teléfono 988 260 000.

Xuíz/a de paz de Cospeito

Venres, 17 Abril 2015 06:54

O **Concello de Cospeito** fai unha convocatoria pública para cubrir a **praza de xuíz de paz substituto**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **6 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 17 de abril de 2015 e na **OMIX de Cospeito**, teléfono 982 520 001.

Persoal para o Concello de Negueira de Muñiz

Venres, 17 Abril 2015 06:59

O **Concello de Negueira de Muñiz** necesita contratar un/ha auxiliar para limpeza de dependencias municipais e servizo de axuda a domicilio.

Requisitos:

Posuír permiso de condución e dispoñibilidade dun vehículo para desprazarse polo municipio.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **22 de abril de 2015**.

Máis información no BOP de Lugo do 17 de abril de 2015 e no **Concello de Negueira de Muñiz**, teléfono 982 353 303.

Convocadas 22 prazas de profesores da ESO na Comunidade de La Rioja

Venres, 17 Abril 2015 11:51

As prazas convocas son de **profesores en lingua castelán xeografía e historia, matemáticas, física e química e inglés**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **30 de abril de 2015**.

Máis información BOE do 16 de abril de 2015. www.boe.es

Convocadas 14 prazas de persoal funcionario e laboral no Concello de Agulo (Santa Cruz de Tenerife)

Venres, 17 Abril 2015 12:06

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información boe do 16 de abril de 2015.

www.boe.es

Bolsa de traballo de asesores/as xurídicos/as en Ames

Luns, 20 Abril 2015 06:59

O **Concello de Ames** convoca un proceso selectivo para a creación dunha **bolsa de traballo de asesores/as xurídicos/as**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **30 de abril de 2015**.

Máis información en www.concellodeames.org

Persoal laboral temporal de apoio ao servizo de obras do concello de Portomarín

Luns, 20 Abril 2015 09:46

O **Concello de Portomarín** necesita contratar **persoal laboral temporal de apoio ao servizo de obras**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **27 de abril de 2015**.

Máis información no **BOP de Lugo do 20 de abril de 2015** e na **OMIX de Portomarín**, teléfono 982 545 070.

www.concellodeportomarin.es

Técnico/a de Turismo para o Concello de Monterroso

Luns, 20 Abril 2015 09:52

O **Concello de Monterroso** necesita contratar un **Técnico/a de Turismo**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **24 de abril de 2015**.

Máis información no **BOP de Lugo do 18 de abril de 2015** e na **OMIX de Monterroso**, teléfono 982 377 436.

www.monterroso.es

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Dermatólogo/a Pontevedra

Martes, 14 Abril 2015 07:32

Nortempo ETT SL selecciona dermatólogo/a para Pontevedra.

Para funcións de diagnóstico médico de pacientes en clínica estética e depilación láser.

Se require ser licenciado en medicina.

Traballo de media xornada.

Contrato estable indefinido.

Xornada parcial.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/dermatologo-a/pontevedra/1800228/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=sanidad-salud-y-servicios-sociales&utm_term=pontevedra

Chapista A Coruña

Martes, 14 Abril 2015 09:28

ADECCO empresa de RRHH selecciona un chapista para **A Coruña**.

Preparación de vehículos para pintado, lixado, pulido, limpeza e/ou reparación.

Reparación da carrocería dos vehículos.

Montaxe de pezas.

Se require FP Grado Medio e dous anos de experiencia.

Formación no área de chapa e pintura.

Contrato temporal. Xornada completa en horario partido.

ADECCO con domicilio social en Camino del Cerro de los Gamos, nº3, 28224 Pozuelo de Alarcón-Madrid.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/chapista/a-corunna/1789339/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=a-corunna

Deseñador Gráfico A Coruña

Martes, 14 Abril 2015 09:36

Faster Ibérica selecciona deseñador gráfico para realización de campaña comercial, catálogo de servizos e produtos.

Funcións de desenvolvemento de novas ideas.

Experiencia previa de dous anos.

Incorporación inmediata.

Experiencia en deseño de campaña e marketing.

Proxecto estable.

Xornada completa. Salario 15.000 euros/ano

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/disennador-grafico/a-corunna/1797216/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=medios-editorial-y-artes-graficas&utm_term=a-corunna

Telefonista/recepcionista A Coruña

Venres, 17 Abril 2015 12:07

Búscase **telefonista/recepcionista** para restaurante ubicado en Coruña ciudad. Contrato temporal de duración determinada.

Referencia 1800139 Adecco.

<https://empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

Enfermero/a para Santiago de Compostela

Venres, 17 Abril 2015 12:08

Enfermero/a para clínica privada con experiencia en ensaios clínicos e angiografías e en quirófanos.

Máis información <https://empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

Programadores Java Spring A Coruña

Venres, 17 Abril 2015 12:09

Multinacional de solucións informáticas, selecciona programadores java con spring e hibernate desde un a 3 anos de experiencia para traballar con cliente en A Coruña.

<https://empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

Persoal de limpeza A Coruña

Venres, 17 Abril 2015 12:11

Necesitamos **persoal de limpeza de casas** (limpeza, plancha e facer comida) luns a venres 3 horas día.

ID 897285301.

<https://empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

Promotores e azafatas A Coruña

Venres, 17 Abril 2015 12:12

Staff5.com busca promotores/as para realizar unha campaña para unha conocida tenda de ropua no centro da cidade, o traballo consistirá en repartir flyers polos alrededores da tenda.

ID 897287765 <https://empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

Responsable de carnicería/charcutería na Coruña

Venres, 17 Abril 2015 12:14

Nortempo coruña selecciona responsable de carnicería/charcutería, para importante empresa do sector de alimentación.

ID 897285468.

<https://empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

Condutor/repartidor A Coruña

Venres, 17 Abril 2015 12:15

Nortempo Coruña, selecciona condutor/a para reparto de lavandería industrial.

ID 897285359

<https://empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net